



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 8 de febreiro de 2018

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Jaime Aneiros Pereira.

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas do día oito de febreiro de dous mil dezaioito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(116).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(117).- ACLARACIÓNS ÁS CUESTIÓNS FORMULADAS POR DETERMINADAS EMPRESAS RESPECTO DO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE PORTERÍA, CONTROL DE ACCESO E INFORMACIÓN AO PÚBLICO NAS OFICINAS MUNICIPAIS DE DISTRITO. EXPTE. 3725/321.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 7/02/18, asinado pola técnica de Admón. Xeral do Servizo de Contratación, que di o seguinte:

I.- Antecedentes

Primeiro.- En data 28 de decembro de 2017, a Xunta de Goberno Local, acordou aprobar o expediente de contratación número 3725/321 dos servizos de portería, control de acceso e

información ao público nas oficinas municipais de distrito, e abrir procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

Segundo.- En data 13 de xaneiro de 2018, publícase no Diario Oficial da UE o anuncio de licitación do citado procedemento.

Terceiro.- En data 16 de xaneiro de 2018 Dna. Amparo Carrasco Porras, xa aberto o prazo para a presentación de ofertas, en escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello, formula diversas cuestións e solicita información complementaria.

Cuarto.- En data 31 de xaneiro de 2018, Valoriza Facilities, en escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello, formula diversas cuestións e solicita información complementaria.

Quinto.- En data 06 de febreiro de 2018, Iman Seguridad, S.A. en escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello, formula diversas cuestións e solicita información complementaria.

Reprodúcense no seguinte apartado as aclaracións solicitadas e as súas respostas.

II.- Aclaracións

1º.- Dna. Amparo Carrasco Porras, fai as seguintes consultas:

¿Poden concretarnos os gastos do anuncio de publicidade? .

O custo dos anuncios é de 1.925,85 euros.

¿Hai que subrogar ao persoal que actualmente presta o servizo?

Non. Por este motivo non se facilita aos licitadores a través dos pregos información ningunha sobre as condicións dos contratos dos traballadores (artigo 120 TRLCSP).

A declaración responsable do Anexo II, no seu parágrafo 16 indica que a empresa licitadora debe ter unha porcentaxe superior ao 2% de traballadores con discapacidade, pero non formula o cumprimento de medidas alternativas ¿podemos modificar este parágrafo para adecualo á nosa situación ou é imprescindible para presentarse, ter un % superior ao 2%?

Non é necesario ter unha porcentaxe superior ao 2% de traballadores con discapacidade para presentarse á licitación. A porcentaxe declarada só se terá en conta para a resolución de empates na valoración das ofertas presentadas de acordo co disposto na cláusula 15.5 do prego de cláusulas administrativas particulares.



Concello de Vigo

2º.- Valoriza Facilities, fai a seguinte consulta.

¿Nos gustaría saber se hai un máximo de horas no criterio de adxudicación a través de fórmula número 2, aumento no número de horas anuais de apertura de los centros sen custo para o concello?

Non hai un máximo de horas no criterio de adxudicación a través de fórmula no apartado 2 da cláusula 8.B das FEC **“Incremento do número de horas anuais de apertura dos centros sen custo para o Concello”**: valorarase con ata **20 puntos**.

Para valorar este criterio serán de aplicación as fórmulas previstas na cláusula 15 deste prego.

3º.- Iman Seguridad, S.A. fai as seguintes consultas:

¿Nos poderían facilitar os pregos en castelán, para que nos resulte máis fácil o seu estudo?

Os pregos traducidos poranse a disposición dos licitadores no perfil de contratante do concello de Vigo.

¿Hai persoal a subrogar?, en caso afirmativo, ¿nos poderían facer chegar o listado?

Non. Por este motivo non se facilita aos licitadores a través dos pregos información ningunha sobre as condicións dos contratos dos traballadores (artigo 120 TRLCSP).

Nos pregos indica que as horas anuais do servizo, son 10.790 horas ¿poderíannos dar una aproximación dos horarios que se realizan (laborables, festivos, diúrnos, nocturnos)?

O horarios actuais están na páxina web excepto no do CMD de Bouzas, e son os seguintes:

- Casco Vello: Horario: de luns a venres de 10:00 a 13:30 e de 17:30 a 21:30 horas.
- Coruxo, Saians e Bouzas: Horario: de luns a venres de 9:30 a 13:00 e de 16:30 a 20:00 horas. Sábados de 10:00 a 13:00 horas.
- Teis: Horario: de luns a venres de 9:00 a 13:30, e de 17:00 a 22:00 horas. Sábados de 10:00 a 13:00 horas e de 17:00 a 22:00 horas.

¿En que circunstancias se utilizaría a bolsa de horas, proposta como melloras?

Apertura dos centros fóra dos horarios establecidos para atender demandas puntuais de uso cidadá ou municipal.

¿Os auxiliares necesitan algún tipo de material (teléfono, walkie...etc.)?

"Durante a vixencia do contrato e para a súa xestión, o adxudicatario disporá do equipamento preciso (equipamento informático, material de oficina, consumibles e material funxible) e do persoal necesario para a prestación do servizo" os centros dispoñen de teléfono fixo e wifi, calquera outro material non é obrigatorio.

III.- Acordo

En mérito ao exposto, proponse á Xunta de Goberno local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda do TRLCSP) e en uso das facultades que lle confire a lexislación vigente, a adopción do seguinte **acordo**:

"Aprobar as respostas as cuestións formuladas por Dna. Amparo Carrasco, Valoriza Facilities e Iman Seguridad, S.A e contidas neste informe".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(118).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA "ASOCIACIÓN REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS" NO MARCO DO FOMENTO DO EMPREGO PARA A POTENCIACIÓN DO ACOMPAÑAMENTO E APOIO ÁS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO". EXPTE. 14811/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 6/02/18, dáse conta do informe-proposta de data 7/02/18, asinado pola técnica de Admón. Xeral, o xefe de Desenvolvemento local e Emprego, o concelleiro de Emprego e o concelleiro de Facenda e Orzamentos, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1º) Con data 16/01/2018 dende o servizo de Desenvolvemento Local e Emprego elevouse informe-proposta de acordo á Xunta de Goberno Local, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita con carácter previo á adopción do acordo (expte. 14.811/77).



Concello de Vigo

2º) Con data 06/02/2017 a Intervención Xeral Municipal fiscaliza de conformidade o expediente, *con indicación de que con carácter previo ao sometemento do expediente á aprobación da Xunta de Goberno Local, deberá emendarse a codificación da aplicación orzamentaria que figura no punto segundo da Proposta, substituindo 2410-470.00.07 por 2410-480.00.07*

3º) Por parte do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego procedeuse á subsanación da codificación da partida orzamentaria referida, polo que cómpre a remisión á Xunta de Goberno Local do seguinte:

INFORME-PROPOSTA

I. Obxecto:

O presente expediente ten por obxecto a aprobación do convenio de colaboración coa “Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos” no marco do plan municipal de emprego, para a potenciación do acompañamento e apoio ás mulleres vítimas de violencia de xénero.

A Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos” solicita, a través dun escrito con rexistro de entrada do día 22 de decembro de 2017 co nº de expediente 14811/77, a colaboración do Concello de Vigo para a subscripción dun convenio que instrumentará a realización de 4 contratos laborais, 3 deles de persoal con formación universitaria e 1 de formación profesional, o que permitirá deste xeito consolidar novas actividades en materia de comunicación, formación e dinamización no acompañamento ás mulleres, vítimas de violencia de xénero, cara a súa reincorporación sociolaboral, elaborando estudos das súas necesidades, intensificando a concienciación social e creando unha base de datos documental sobre a violencia de xénero.

En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto da base 40 das de execución do orzamento, dacordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 49 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio vai acompañado dunha memoria na que figuran os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa súa formalización e o expediente incorpora as preceptivas certificacións de estar ao corrente coa Tesourería Xeral da SS.SS., AEAT e Axencia Tributaria de Galicia.

Os pactos que o convenio incorpora estímanse conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coa demais documentación do expediente, ao fin pretendido así coma ao esquema formal referido.

II. Competencia para a actividade de fomento do emprego:

Unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar dos seus cidadáns, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción da cidadanía co mercado laboral.

A Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias *a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos* (apartado terceiro a) nin *a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores* (apartado terceiro b); como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando en exercicios anteriores desde o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e *moi especialmente nos anos 2012, 2013, 2014, 2015, 2016 e 2017, mediante a sinatura de convenios de colaboración coa “Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos”, para a potenciación do acompañamento e apoio ás mulleres vítimas de violencia de xénero.*

Neste marco normativo, cómpre subliñar que a Xunta de Goberno Local, mediante acordo do 09/03/2012, considerou que o fomento do emprego, constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

Así mesmo, a Disposición adicional primeira, adicada ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local establece que *as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais.* A este respecto, compre subliñar que corresponde a materias de competencia propias do Concello o disposto segundo as letras k) e p) do artigo 80.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e que a empregabilidade e as políticas activas de emprego, segundo se indica no artigo 4 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de Emprego, na redacción dada polo artigo 2 del R.D.L 3/2011, do 18 de febreiro, de medidas urxentes para a mellora da empregabilidade e a reforma das políticas activas de emprego, terán unha dimensión local.

Deste xeito, o Concello de Vigo a través do fomento municipal de emprego, promove diversas actividades relacionadas coa formación en empresas con compromiso por parte destas de contratar a un mínimo de persoas fomentando a colaboración de forma activa na loita contra o desemprego, as contratacións por entidades sen ánimo de lucro que permita coller experiencia a persoas en desemprego, cara a mellorar as súas capacidades de inserción, etc. A estratexia polo emprego que supón este fomento non é un elemento illado, senón a toma en consideración dun conxunto de accións de colaboración co entramado laboral, educativo, veciñal e social no que o desenvolvemento de convenios de colaboración configúrase como a súa máxima concreción, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción da cidadanía co mercado laboral, así como da reincorporación sociolaboral das mulleres vítimas de violencia de xénero e do fomento en todos os ámbitos sociais da eliminación da violencia mediante técnicas de prevención e concienciación social.

Dentro deste fomento do emprego na cidade de Vigo temos en conta os novos nichos de emprego entre os que a formación experiencial de persoas no apoio ás persoas vítimas de



Concello de Vigo

violencia de xénero, incrementan as ofertas de novos empregos, así como a do acompañamento a busca dunha mellor situación ou posición no mercado laboral destas persoas, mulleres na súa maioría, vítimas de violencia de xénero, favorecéndose así un dos cometidos que persegue este Concello de Vigo dentro das súas competencias, o da reinserción social e laboral da cidadanía. A contratación destas persoas mediadoras coas vítimas de malos tratos, estaría encadrado dentro desta lexislación vixente.

III. Procedemento de concesión directa:

Poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos Orzamentos Xerais das Entidades Locais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións a tenor do previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e nos art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así coma no previsto na Base 38.4.2 das de Execución dos Orzamentos xerais do Concello de Vigo do 2018.

Dacordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Tendo en conta a necesidade de mellorar e dinamizar a situación das mulleres vítimas de violencia de xénero e do fomento social da igualdade, así como da falta de persoal especializado na formación, acompañamento e apoio das mesmas no concello de Vigo, ademais do coñecemento da situación destas mulleres, e sendo a Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos” a única entidade sen ánimo de lucro rexistrada no Rexistro Municipal de Asociacións, dedicada exclusivamente á atención a mulleres en situación de maltrato, xustifica a concesión deste convenio de xeito directo, por un importe total de 46.128,42 €, importe recollido nominativamente na partida 2410 4700007 “Convenio coa Rede de Mulleres contra os malos tratos”, conforme ao establecido no artigo 19.4.a da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Esta situación de exclusividade na atención ás mulleres maltratadas, xunto co incremento do número de vítimas mortais no noso entorno (75% das rexistradas no total de Galicia), o número de chamadas ao 016 (49,35%), xustifica a realización deste convenio de colaboración, remarcando que nesta cidade non existe ningunha outra asociación adicada directamente a estes cometidos, que realice as mesmas ou similares tarefas de apoio e garanta unha atención profesional e especializada, e cunha alta valoración polas propias usuarias e cidadanía de Vigo.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e as certificacións achegadas ao expediente, a Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e frónte á Seguridade Social e non ten débedas pendentas con este Concello de Vigo.

A vixencia do convenio será do 01/02/2018 ao 30/09/2018.

IV. Contía total e crédito orzamentario:

O importe do convenio de 46.128,42 € (45.446,72 € de custes salariais e 681,70 € destinados a custes de xestión para o desenvolvemento das accións) imputaranse con cargo á partida 2410 4800007 “Convenio coa Rede de Mulleres contra os malos tratos”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2018, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas, tendo en conta o prazo de execución do proxecto (01/02/2018 ao 30/09/2018).

A xustificación da concesión dunha subvención de xeito directo a ASOCIACIÓN REDE DE MULLERES VECIÑAIS NA LOITA CONTRA OS MALOS TRATOS DE VIGO, ven dado entre outras cousas pola proposta económica presentada pola asociación para contratación de 4 persoas con cargo ao fomento do emprego. Son 4 persoas (1 Licenciada en Psicoloxía cunha xornada do 100%, 1 Diplomada en Traballo Social cunha xornada do 62,5%, 1 Diplomada en Traballo Social cunha xornada do 50% e 1 Administrativa cunha xornada do 100%, para os 8 meses propostos segundo o cadro anexo e proposición económica presentada pola asociación que suporía uns custes salariais de 45.446,72 €, custes necesarios sen ter en conta outros gastos como mantemento de instalacións, enerxía eléctrica, auga, etc, en tanto que se aplicásemos os custes propios do convenio municipal para estas contratacións o montante veríase moi incrementado resultando por importe de 86.687,16 €.

Os custes estimados do programa son:

POSTO	GRUPO	CD	C.ESP	BASICAS-MES	CD_MES	ESP_MES	MENSUAL	PRORATEO	COTIZACIÓN	SEG.SOCIAL	CUSTES	XORNADA	CONTRATACIÓN	TOTAL
1	TECNICO/A	26	680	1.120,14 €	705,18 €	1.281,52 €	3.106,84 €	258,90 €	32,10	1.080,40 €	4.187,24 €	100,00%	8	33.497,96 €
2	TECNICO/A	25	690	968,57 €	625,66 €	1.083,76 €	2.677,99 €	223,17 €	32,10	931,27 €	3.609,27 €	62,50%	8	18.046,34 €
3	TECNICO/A	25	690	968,57 €	625,66 €	1.083,76 €	2.677,99 €	223,17 €	32,10	931,27 €	3.609,27 €	50,00%	8	14.437,07 €
4	ADMINISTRATIVO/A	19	316	846,65 €	421,42 €	652,33 €	1.920,40 €	160,03 €	32,10	667,82 €	2.588,22 €	100,00%	8	20.705,79 €
													86.687,16 €	

Custes da contratación se os tivese que contratar o Concello de Vigo

Posto	Grupo	CD	C.ESP	Basicas-Mes	CD_Mes	Esp_Mes	Mensual	Prorrateo paga extra	Cotización Seg.Social	Seg.Social mes	Custes mensuais	XORNADA	Contratación (meses)	TOTAL
TECNICO/A ADMINISTRACION XERAL	A1	26	680	1.120,14 €	705,18 €	1.281,52 €	3.106,84 €	258,90 €	32,10	1.080,40 €	4.187,24 €	100,00%	8	33.497,96 €
TECNICO/A ACTIVIDADES TURISTICAS	A2	25	690	968,57 €	625,66 €	1.083,76 €	2.677,99 €	223,17 €	32,10	931,27 €	3.609,27 €	62,50%	8	18.046,34 €
TECNICO/A ACTIVIDADES TURISTICAS	A2	25	690	968,57 €	625,66 €	1.083,76 €	2.677,99 €	223,17 €	32,10	931,27 €	3.609,27 €	50,00%	8	14.437,07 €
ADMINISTRATIVO/A	C1	19	316	846,65 €	421,42 €	652,33 €	1.920,40 €	160,03 €	32,10	667,82 €	2.588,22 €	100,00%	8	20.705,79 €
														86.687,16 €

Incorpórase unha cláusula expresa no convenio referida a inexistencia de relación laboral entre os traballadores directa ou indirectamente beneficiarios da subvención que se preten-



Concello de Vigo

de conceder a Asociación REDE de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo e o Concello de Vigo.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

Este convenio de colaboración prevé os seguintes obxectivos:

1. Facilitar a reincorporación social e laboral mediante a información, motivación e o asesoramento en técnicas de busca de emprego e orientación laboral personalizada, mediante:
 - a) O fomento da autoestima.
 - b) A potenciación da personalidade.
 - c) A transmisión de modelos sociais igualitarios.
 - d) O fomento do bo trato nas relacións afectivas e sociais.
 - e) Transmitir modelos sociais igualitarios.
 - f) Facilitar encontros para a axuda mutua entre as mulleres atendidas pola asociación.
 - g) Identificar a violencia de xénero
2. Facilitar a adquisición de experiencia laboral relacionada coa igualdade e o traballo coas persoas vítimas de violencia e a súa incorporación ao mercado laboral.
3. Proporcionarlles ás/ós profesionais seleccionados formación en competencias transversais aliñadas coas necesidades do mercado laboral no ámbito da igualdade.
4. Promover a manifestación pública contra os malos tratos.
5. Eliminar a violencia en todos os ámbitos sociais, mediante técnicas de prevención e concienciación social.

Obxectivos que non minoran en ningún momento os principais obxectivos do Plan Municipal de Emprego, senon máis ben, os complementan, como se amosa de seguido:

- Posibilitar o desenvolvemento da cidade na procura dun mercado de traballo baseado na xeración de alto valor engadido, apostando por persoas traballadoras cualificadas e implicadas no proxecto empresarial, isto é, persoal de alta produtividade en empresas competitivas con emprego de calidade.
- Potenciar o emprendemento, a figura do emprendedor e o mantemento das iniciativas emprendedoras como forma de creación de emprego.
- Facilitar a incorporación ás TICs do conxunto de vigueses que acudan ós servizos de emprego deste concello.
- Establecer procedementos de transición de ensino regrado ó mundo laboral.
- Avanzar na igualdade no emprego de homes e mulleres.
- Inserir laboralmente ós colectivos con mais dificultades de inserción no mercado de traballo para evitar os posibles riscos de exclusión social.
- Potenciar a creación de emprego vinculada ás novas necesidades da vida diaria, de mellora do marco de vida, de servizos culturais, de ocio e de medio natural.
- Establecer procedementos de participación dos axentes socioeconómicos no deseño, execución e avaliación dos diferentes programas de emprego.
- Potenciar a creación de Observatorios do mercado de traballo vinculados ao Pacto local de emprego que, ademais de facer análise do mercado de traballo realice prospectiva a curto e medio prazo tanto no relativo ás necesidades de incorporación de traballadores ás empresas existentes como nos nichos de mercado existentes para o impulso do emprendemento.

Dentro das medidas de fomento do emprego e de apoio as persoas desempregadas en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades sociais, e empresariais mais significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociolaboral, as cales redundan no beneficio da cidade.

V. Normativa de aplicación:

A tenor do disposto no artigo 48.7 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, cando o convenio instrumento unha subvención deberá cumprir co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na normativa autonómica de desenvolvemento que, no seu caso, resulte aplicable. Xa que logo, resulta de aplicación o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado de réxime xurídico do sector público, en materia de réxime local e de procedemento administrativo común das Administracións públicas; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2018, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

VI. Prazo e forma de xustificación da subvención mediante tramitación electrónica:

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a Asociación



Concello de Vigo

REDE de Mulleres Veciñais contra os malos tratos está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a subsanación.

VII. Publicidade:

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

VIII. Órgano competente:

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade co artigo 127.g) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL), correspóndelle á Xunta de Goberno Local o *desenvolvemento da xestión económica, autorizar e dispor gastos en materia da súa competencia, dispor gastos previamente autorizados polo Pleno e a xestión do persoal.*

IX. Recursos:

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido dos informes de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2015, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

- 1) Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que se xunta ao presente acordo entre o Concello de Vigo e a Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos”, con CIF: G36928646 sobre as accións de interese para a cidade destinadas a fomentar actividades en materia de comunicación, formación e dinamización no acompañamento ás mulleres, vítimas de violencia de xénero, cara a súa reincorporación sociolaboral, elaborando estudos das súas necesidades, intensificando a concienciación social e creando unha base de datos documental sobre a violencia de xénero.
- 2) Autorizar o gasto de **46.128,42 €**, como contrapartida do estipulado no presente convenio de colaboración, con cargo á partida 2410 48.00.007 “Convenio coa Rede de Mulleres contra os malos tratos”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2018.
- 3) Facultar ao Concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos D. Santos Héctor Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio.
- 4) Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.



Concello de Vigo

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO COLABORACIÓN COA “ASOCIACIÓN REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS” NO MARCO DO FOMENTO DO EMPREGO PARA A POTENCIACIÓN DO ACOMPAÑAMENTO E APOIO ÁS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO”.

Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de ____ de dous mil dezaoto

REUNIDOS

Dunha parte, Don Santos Hector Rodríguez Díaz co DNI 36008431-E, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do Decreto de Delegación de Alcaldía de 19 de xuño de 2015 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de xuño de 2015) con enderezo na Praza do Rei núm. 1, 36202 de Vigo, e CIF P3605700-H.

Doutra parte, Dona María Rosario Otero Rodríguez co DNI 36012710T en calidade de Presidenta da Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos”, nomeada en assemblea celebrada o 15 de decembro de 2010, ten poder suficiente para actuar en nome da Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos”, con domicilio social en Rúa Oliva, 12 – 2º 36202 de VIGO e CIF G36928646.

Actúan ambas partes no exercicio dos seus cargos e na representación que ostentan recoñecéndose reciprocamente a capacidade suficiente para asinar este convenio.

EXPOÑEN

PRIMEIRO: A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, indica, no seu artigo 80, punto 2, letras k) e p), que o municipio exercerá competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma participando, entre outros aspectos, na formación de activos e desempregados.

–Unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar dos seus cidadáns, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción da cidadanía co mercado laboral, dentro das competencias que se lle recoñecen, tendo en conta que o desenvolvemento destas actividades de fomento do emprego veñen desenvolvéndose de xeito continuado nos últimos anos e moi especialmente nos anos 2012, 2013, 2014, 2015 e 2016, mediante a sinatura de convenios de colaboración coa “Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos”, para a potenciación do acompañamento e apoio ás mulleres vítimas de violencia de xénero, polo que conforme establece a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de

decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.-
“En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.
- b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores así como a realización de novas actuacións de fomento que foran xa establecidas nos proxectos de establecemento de servizos obxecto dos informes de inexistencia de duplicidades e sustentabilidade financeira previstos nesta lei.

...”

Deste xeito, o Concello de Vigo a través do fomento municipal de emprego, promove diversas actividades relacionadas coa formación en empresas con compromiso por parte destas de contratar a un mínimo de persoas fomentando a colaboración de forma activa na loita contra o desemprego, as contratacións por entidades sen ánimo de lucro que permita coller experiencia a persoas en desemprego, cara a mellorar as súas capacidades de inserción, etc. A estratexia polo emprego que supón este fomento non é un elemento illado, senón a toma en consideración dun conxunto de accións de colaboración co entramado laboral, educativo, veciñal e social no que o desenvolvemento de convenios de colaboración configúrase como a súa máxima concreción, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción da cidadanía co mercado laboral, así como da reincorporación sociolaboral das mulleres vítimas de violencia de xénero e do fomento en todos os ámbitos sociais da eliminación da violencia mediante técnicas de prevención e concienciación social.

SEGUNDO: Para acadar esta loita contra a discriminación e a reinserción deste colectivo desfavorecido, a Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos”, propón a contratación de 4 profesionais para a realización de actividades de fomento, orientación e formación en igualdade, a concienciación social e para mellorar a súa empregabilidade grazas a atención directa e especializada na reincorporación ao mercado laboral e á sociedade destas mulleres vítimas de violencia de xénero.

Todas estas actividades propostas pola Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos”, considéranse accións de interese para a nosa cidade, pola potenciación da xestión de atención primaria de saúde, así como na prestación dos servizos sociais e de promoción, así como da reinserción de colectivos desfavorecidos.

Deste xeito o Concello de Vigo por medio da Concellaría de Emprego, e a Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos”

MANIFESTAN

I.- - Que a Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos”, conforme o establecido nos seus estatutos asume, entre outros, os seguintes fins e actividades:

1. Facilitar a reincorporación social e laboral mediante a información, motivación e o asesoramento en técnicas de busca de emprego e orientación laboral personalizada, mediante:
 - a) O fomento da autoestima.
 - b) A potenciación da personalidade.



Concello de Vigo

- c) A transmisión de modelos sociais igualitarios.
 - d) O fomento do bo trato nas relacións afectivas e sociais.
 - e) Transmitir modelos sociais igualitarios.
 - f) Facilitar encontros para a axuda mutua entre as mulleres atendidas pola asociación.
 - g) Identificar a violencia de xénero
2. Facilitar a adquisición de experiencia laboral relacionada coa igualdade e o traballo coas persoas vítimas de violencia e a súa incorporación ao mercado laboral.
 3. Proporcionarlles ás/ós profesionais seleccionados formación en competencias transversais aliñadas coas necesidades do mercado laboral no ámbito da igualdade.
 4. Promover a manifestación pública contra os malos tratos.
 5. Eliminar a violencia en todos os ámbitos sociais, mediante técnicas de prevención e concienciación social.

II.- Que o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía o dereito a fundar asociacións e a asociarse á da súa elección, así como o recoñecemento ás asociacións e federacións de asociacións, a contribuír na defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, como síntoma da boa saúde dun estado social e democrático de dereito no que a participación da cidadanía é fundamental.

Dentro das políticas activas de emprego en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades sociais, empresariais e veciñais mais significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter dinamizador, informativo, formativo da veciñanza, ademais dos de fomento da empregabilidade, sin olvidar a súa potencialidade como xacementos potenciais de emprego, na súa función de prestacións de servizos a comunidade, as cales redundan no beneficio da cidade en xeral e das persoas desempregadas en particular.

III.- Que na devandida actividade a subvencionar e na subvención mesma concurren singulares circunstancias de interese público, social, económico e humanitario; tendo en conta a situación socio-laboral actual na cidade de Vigo, no mes de decembro de 2017, según as publicacións realizadas pola comunidade autónoma:

Paro rexistrado por sexo e grupos de idade:

CONCELLO	TOTAL DEEMPREGADOS/AS	MULLERES	HOMES
VIGO	23.668	13.324	10.364

Unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar dos seus cidadáns, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción da cidadanía co mercado laboral, dentro das competencias que se lle recoñecen os Municipios.

Estas circunstancias así como o profundo coñecemento que ten a Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos" da situación das mulleres vítimas de violencia de xénero e do fomento social da igualdade, así como da falta de persoal especializado na formación, acompañamento e apoio das mesmas no concello de Vigo, xustifica a realización deste convenio de colaboración de xeito directo.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervincentes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é facilitar a formación, o coñecemento e as habilidades necesarias para unha mellor atención ás mulleres vítimas de violencia de xénero.

V.- Que a Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos” non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese público, social, económico e humanitario que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos”, o Concello de Vigo e a dita Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos” conveñen a súa colaboración no ámbito de Vigo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos” comprométese a colaborar coa Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos do Concello de Vigo en canto a dinamización e fomento do emprego entre a cidadanía viguesa, coa contratación exclusivamente de persoas empadroadas no Concello de Vigo, cando menos desde o 1 de xaneiro de 2017, así como nas labores de dinamización da entidade e do fomento do asociacionismo e concretamente, a:

1. Facilitar a reincorporación social e laboral mediante a información, motivación e o asesoramento en técnicas de busca de emprego e orientación laboral personalizada, mediante a:
 - a) O fomento da autoestima.
 - b) A potenciación da personalidade.
 - c) A transmisión de modelos sociais igualitarios.
 - d) O fomento do bo trato nas relacións afectivas e sociais.
 - e) Transmitir modelos sociais igualitarios.
 - f) Facilitar encontros para a axuda mutua entre as mulleres atendidas pola asociación.
 - g) Identificar a violencia de xénero
2. Facilitar a adquisición de experiencia laboral relacionada coa igualdade e o traballo coas persoas vítimas de violencia e a súa incorporación ao mercado laboral.
3. Proporcionarlles ás/ós profesionais seleccionados formación en competencias transversais (xénero e violencia de xénero) aliñadas coas necesidades do mercado laboral no ámbito da igualdade
4. Promover a manifestación pública contra os malos tratos.
5. Eliminar a violencia en todos os ámbitos sociais, mediante técnicas de prevención e concienciación social.



Concello de Vigo

6. Realizar convocatoria pública mediante inserción de anuncios na páxina web da entidade e na páxina web municipal xestionada pola área de Participación Cidadá, "Asociacións en rede" (<http://asociacións.vigo.org>, cando menos 5 días antes da realización da selección, así como a exposición da convocatoria no taboleiro de anuncios do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e no Centro Municipal de Emprego, o secretario ou secretaria da asociación certificará a súa publicación ante a Comisión de seguimento, dos postos a contratar.
7. Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, o lugar, datas e horas de inicio das accións a desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicar calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarse cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.
8. No emprazamento das accións e na páxina inicial da web da entidade deberá constar en lugar visible cartel informativo en modelo normalizado que será subministrado polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
9. Calquera edición e/ou material gráfico relacionado coas accións deste convenio se realizarán no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo, Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos como patrocinador das accións, sendo esta cuestión extensible ás carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.
10. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
11. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
12. As actividades de carácter sociolaboral recollidas no presente convenio destinaranse ao público en xeral. O seu acceso será aberto e gratuíto, limitándose o número de asistentes ao aforo do lugar onde se celebren.
13. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
14. En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.
2. Respetar a estrutura organizativa da Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos
3. Conceder directamente á Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos unha subvención total por importe de 46.128,42 € (45.446,72 € de custes salariais e 681,70 € destinados a custes de xestión para o desenvolvemento das accións) imputaranse con cargo á partida 2410 4800007 "Convenio coa Rede de Mulleres contra os malos tratos", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2018, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas no artigo anteriormente referendado e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiara ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa entidade.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada. A dita difusión cumprirá os seguintes requisitos:

1. A información especialmente carteis e programas editados, estará integramente na lingua galega.
2. En toda información gráfica editada figurarán os logotipos e anagramas oficiais do Concello de Vigo, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas das asinantes do Convenio, a prelación en orde de tamaño será proporcional a cadansúa achega económica.
3. A entidade beneficiaria someterá a conformidade do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo as probas dos recursos



Concello de Vigo

publicitarios que se vaian empregar. O material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal. De todo o material editado, entregaranse 2 exemplares no servizo de Desenvolvemento Local e Emprego da Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos.

Oitavo.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Noveno.- Comisión de seguimento

Para o bo fin dos obxectivos sinalados no presente convenio constituirase unha Comisión de seguimento integrada por:

1. O concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, que ostentará a Presidencia que poderá delegar a súa representación noutro/a concelleiro/a ou xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Empego.
2. Tres vocais:
 - a) Un/unha técnico/a adscrito ao servizo de Desenvolvemento Local e Empego.
 - b) Dous membros da Xunta directiva da entidade Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos
 - c) Actuará como Secretario/a da Comisión un/unha funcionario/a ou laboral do Concello de Vigo, con voz pero sen dereito a voto.

A Comisión quedará constituída trala súa primeira reunión, estas realizaranse de forma ordinaria todos os trimestres na data en que se indique na sesión constitutiva, en todo caso para a súa válida constitución será necesaria a presenza da maioría absoluta dos seus membros que incluírá a do Presidente e Secretario.

O Presidente decidirá co seu voto os empates que se produzan respecto dos acordos que nas funcións que son propias da Comisión se adopten.

Son funcións propias da Comisión, as seguintes:

- a) Supervisar o cumprimento do proxecto de accións e actividades que figuran na Memoria e o presuposto executado.
- b) Establecer unha orde de prioridades respecto das actividades a realizar.
- c) Realizar a selección de persoal a contratar e propor as contratacións de persoal a realizar.
- d) Supervisar o cumprimento da normativa legal vixente en relación coas contratacións realizadas.

Decímo.- A beneficiaria, no prazo de **un (1) mes** a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas (memoria de actividades) e dos gastos incorridos (memoria económica); os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A memoria económica da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos á que se xuntarán as facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel e/ou os demais documentos de valor probatorio equivalente.

Reflectiranse nunha táboa todos os gastos acreditados mediante facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, indicando o **nome de empresa**, o número de **CIF**, a **data**, o **número** de factura e o **IVE**. Computarase o gasto acreditado **deducindo o IVE**, salvo que se xustifique a exención do dito imposto (achegarse, a tal efecto, unha declaración responsable da entidade de non dedución do IVE ou o acordo de exención do IVE) e deberá indicarse o **importe que se imputa** á subvención (total/parcial).

Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

As retribucións de persoal xustificaranse mediante:

- 1) Contrato de traballo
- 2) Boletíns de cotización á Seguridade Social: Recibo de liquidación de cotizacións e Relación nominal de traballadores, ou documento equivalente expedido pola Tesorería Xeral da Seguridade Social.
- 3) Nóminas correspondente aos meses imputados.
- 4) Modelo 111 (retencións e ingresos a conta do IRPF) e xustificantes do seu pagamento.
- 5) Documentos bancarios correspondentes que xustifiquen o pagamento das nóminas do persoal (transferencia bancaria, cheque nominativo, certificacións)

–A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seo artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, éste requerirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a exixencia da reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencions. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencions, correspondan.

Décimo primeiro.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo segundo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de febreiro e o 30 de setembro de 2018.



Concello de Vigo

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos. O xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa aparecación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo sétimo.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo.

Décimo oitavo.- A colaboración do Concello de Vigo concrétase na concesión dunha subvención formalizada mediante o presente convenio, colaboración que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente pola Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos no desenvolvemento das actividades indicadas no pacto primeiro.

Décimo noveno.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, _____ de 2018

4(119).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE ACTUACIÓNS PREPARATORIAS ORIENTADAS AO DESENVOLVEMENTO DO 4º PROGRAMA PARA ARRUMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA SOBRE A VÍA PÚBLICA. EXPTE. 8859/307.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 7/02/18, dáse conta do informe-proposta do 2/02/18, asinado pola xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial e a concelleiro de Patrimonio Histórico, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de 28 de novembro de 2017, acordou aprobar o CUARTO PROGRAMA PARA ARRUMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA SOBRE A VÍA PÚBLICA, coa finalidade de dar continuidade ao proceso, iniciado anos atrás, de recuperación e revitalización do entorno urbano e comercial e da paisaxe urbana, a posta en valor do patrimonio da cidade, e á mellora da calidade de vida tanto dos habitantes destas zonas coma do resto de cidadáns, así como dar a coñecer e valorar a obra dos artistas urbanos.

O programa estrutúrase en dúas fases: unha primeira de actuacións preparatorias e outra segunda de execución dos murais.

A primeira fase estrutúrase en dúas subfases: na primeira, abriuse o prazo dun mes para presentación de solicitudes (artistas, espazos e colexios) e, nun segundo momento, a comisión técnica nomeada para a ocasión, segundo determinan as bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local, determinou en qué espazos se vai actuar.

Con data 11 de xaneiro de 2018 a Concelleira de Patrimonio Histórico acordou contratar a Alejandro Luis Sánchez, arquitecto técnico, a redacción do proxecto de actuacións preparatorias orientadas ao desenvolvemento deste 4º programa, no que se estima



Concello de Vigo

orxamentariamente o custe do acondicionamento de cada espazo; a valoración económica das actuacións previas á intervención dos artistas; a estimación dos medios auxiliares para as actuacións; cálculo e valoración do material a empregar por cada artista; así como aqueles elementos necesarios para iniciar o proceso licitador encamiñado á contratación das diferentes actuacións encamiñadas ao pintado dos espazos obxecto do programa.

Os gastos de execución de dito proxecto detraeranse das partidas referidas no decreto de alcaldía, de data 10/01/2018, polo que se resolve o seguinte:

Primeiro.- Delegar na Concelleira Delegada da Área de Patrimonio Histórico Dña. M^a del Carmen Silva Rego, tódalas atribucións precisas para a dirección técnica e política, xestión, seguimento, tramitación e execución das actividades artístico-culturais do CUARTO programa para arrumbar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública, e demais espazos libres que conforman a paisaxe urbana, así como a posibilidade de utilización dos seguintes créditos do orzamento do ano 2018, a través do servizo de Patrimonio Histórico:

- 100.000 euros da partida 3340.2260900 ACTIVIDADES CULTURALES PROGRAMA ARTE.
- 350.000 euros da partida 3340.2279901 PROGRAMA DE ARTE URBANO, MEDIANERAS.
- 30.000 euros da partida 3340.2279902 TRABALLOS DE MANTEMENTO DOS ESPAZOS DE ARTE URB.

Por outra banda, acompáñase ao expediente o informe favorable da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras do 01/02/2018.

Deste xeito, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- APROBAR O PROXECTO DO 4º PROGRAMA PARA ARRUMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA SOBRE A VÍA PÚBLICA, REDACTADO POR ALEJANDRO LUIS SÁNCHEZ, con data 22/01/2018.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(120).- PROPOSTA PARA ENCOMENDAR Á ENTIDADE CONCESIONARIA AQUALIA A REDACCIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DAS OBRAS DE “MELLORA DA REDE DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO NA RÚA VENEZUELA”. EXPTE. 5323/440.

Dáse conta do informe-proposta de data 6/02/18, asinado pola técnica de Xestión, o xefe do Servizo Administrativo e Orzamentario da Área de Fomento, o xefe do Servizo Xurídico da Área de Servizos Xerais e o concelleiro delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 21 de novembro de 2011, acordou aprobar a prórroga da concesión administrativa para a xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento de augas de Vigo, outorgada a Aqualia FCC-Vigo UTE, en virtude do acordo plenario de 25 de outubro de 1990, por un período de cinco anos, a partir do día seguinte ao do vencemento do contrato; acordo cuxo apartado terceiro, no epígrafe «Outros investimentos», contempla a obriga da concesionaria de levar a cabo, na contía e prazos que no mesmo se sinalan, aquelas actuacións que se consideren de urxencia e execución inaprazable pola Xunta de Goberno Local, previo informe dos servizos técnicos municipais.

II.- Con data 8 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local acordou prestar aprobación á ordenación do procedemento a seguir nas obras incluídas no Plan de Investimentos da Concesión da Xestión Integral do Servizo Público de Abastecemento e Saneamento de Augas de Vigo, que se contén na parte expositiva do mesmo acordo, dando conta de ditas prescricións á concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE, aos efectos da súa observancia e estrito cumprimento; e con data de 22 de marzo de 2013 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria.

III.- No punto III, relativo aos *“Aos actos administrativos a través dos que se exercitará o control das obras de inversión da entidade concesionaria Aqualia”* do Acordo citado de 8 de marzo de 2013, establécese que dende a Área de Fomento proporase á Xunta de Goberno Local a encomenda á entidade concesionaria Aqualia a redacción dos correspondentes proxectos técnicos das obras incluídas no devandito Plan de Investimentos, previa xustificación da conveniencia e idoneidade dos mesmos.

IV.- Con data 5 de febreiro os Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos municipais emitiron informe xustificativo no que consideran de urxencia e execución inaprazable as obras de **“MELLORA DA REDE DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO NA RÚA VENEZUELA.**

V.- En data 5 de febreiro de 2018 o Concelleiro Delegado resolveu iniciar o correspondente expediente para poder encomendar á Entidade Concesionaria AQUALIA a redacción do correspondente proxecto técnico de **“MELLORA DA REDE DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO NA RÚA VENEZUELA.**

VI.- O proxecto a redactar deberase adecuarse ao citado cadro de prezos de unidades de obra, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 22 de marzo de 2013. No caso de unidades de obra que non figuren no mesmo, se deberá adecuar aos prezos xerais de mercado, tal e como se establece no citado Acordo.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

1º.- Encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia a redacción do proxecto técnico das obras de **“MELLORA DA REDE DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO NA RÚA VENEZUELA.**



Concello de Vigo

2º.- Designar aos Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos D. Jerónimo Centrón Castaños e D. Xacobe Paz Salgado como directores do proxecto das obras de “MELLORA DA REDE DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO NA RÚA VENEZUELA”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(121).- PROXECTO DE EXECUCIÓN DE OBRA “RENOVACIÓN DUN ASCENSOR NO EDIFICIO DA CASA CONSISTORIAL DO CONCELLO DE VIGO”. EXPTE. 3994/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 8/02/18, dáse conta do informe-proposta do 7/02/18, asinada pola técnica de Xestión, o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe o Servizo Xurídico de Servizos Xerais e o concelleiro delegado de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O orzamento municipal do 2017, aprobado definitivamente polo Concello-Pleno, en sesión de 27 de decembro de 2016 recolle dentro do capítulo “Pavimentación de vías públicas” a aplicación orzamentaria 9200.639.00.00 (Reposición dun ascensor na casa Consistorial).

II.- Para levar a cabo dita actuación, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 26.10.2017, acordou adxudicar a contratación polo procedemento aberto das obras de RENOVACIÓN DUN ASCENSOR DA CASA CONSISTORIAL DO CONCELLO DE VIGO a prol de SCHINDLER S.A., por importe de 72.358,00 eur (Ive engadido). O devandito contrato comprende a redacción do correspondente proxecto de obras e súa execución, tal e como establece o artigo 6 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

III.- A empresa SCHINDLER S.A presentou Proxecto de “Renovación dun ascensor no edificio da Casa Consistorial do Concello de Vigo”, redactado polo Técnico Facultativo D. José Manuel Garabatos Freiría, cun orzamento base de licitación máis IVE de SETENTA E DOUS MIL TRESCENTOS CINCUENTA E OITO EUROS (72.358,00 EUROS) e data 23 de xaneiro de 2018.

IV.- A descrición das obras a executar é a seguinte:

Substitución do grupo tractor, amortiguadores cabina e contrapeso, guías de contrapeso, limitador da velocidade en cabina, encravamentos e follas das porta dos pisos, porta automática en cabina, sistema de control, cambio velocidade nominal, cadea de compensación, botoeira de cabina e pisos, decoración de cabinas, acondicionamento do foso e oco, pintado da sala de máquinas.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de 12 semanas.

V.- A enxeñeira industrial Cristina Tapias Bouso e o Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal, asinan con data 6.02.2018, informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando que o proxecto cumpre as indicacións recollidas nos pregos de licitación en canto alcance das actuación e especificacións técnicas mínimas, e que a documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, , así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos polo “Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público” e polo “Regulamento Xeral da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro” polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 125 do referido Real Decreto Lexislativo.

VI.- Consta no expediente acta de replanteo asinada pola Enxeñeiro Técnica Industrial Municipal.

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 121 TRLCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 123 e 125 TRLCSP e 125 a 137 do regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación (artigo 121 TRLCSP), que, de acordo coa disposición adicional 2ª. 3 TRLCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 TRLRFL).

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte



Concello de Vigo

ACORDO

Aprobar o proxecto de execución de obra “**RENOVACIÓN DUN ASCENSOR NO EDIFICIO DA CASA CONSISTORIAL DO CONCELLO DE VIGO**”, redactado polo Técnico Facultativo D. José Manuel Garabatos Freiría, cun orzamento (IVE engadido) de SETENTA E DOUS MIL TRESCENTOS CINCUENTA E OITO EUROS (72.358,00 EUROS) e data 23 de xaneiro .

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(122).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA “REHABILITACIÓN E TRANSFORMACIÓN DO CONTORNO URBANO DA GRAN VÍA ENTRE A RÚA LEPANTO E A RÚA NICARAGUA”. EXPTE. 5143/440.

Visto o informe xurídico do 6/02/18, e o informe de fiscalización do 8/02/18, dáse conta do informe-proposta do 7/02/18, asinado pola técnica de Xestión, o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o segundo tenente de alcalde e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES

1º.- Con data 14 de decembro de 2016, o Boletín Oficial do Estado, no 301, publica Resolución de 12 de decembro de 2016, da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, pola que se resolve definitivamente a primeira convocatoria para a selección de Estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado que serán cofinanciadas mediante o Programa Operativo FEDER de Crecemento Sustentable 2014-2020, efectuada por Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro, na cal entre outros aspectos CONCÉDESE de forma definitiva axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional ao proxecto presentado polo Concello de Vigo denominada “VIGO VERTICAL”, por un importe de 15.000.000,00 €.

O proxecto EDUSI VIGO VERTICAL, ten como obxectivo principal impulsar a transformación da área seleccionada en termos físicos, ambientais, económicos, sociais e culturais, creando oportunidades de emprego e mellorando a contorna urbana, polo cal dita estratexia, segundo a Orde do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas HAP/2427/2015, constitúe o marco para a posterior selección por parte das Entidades beneficiarias das operacións a desenvolver na cidade ou na área definida en cada caso.

2º.- Os orzamentos municipais do ano 2018 recollen, dentro do capítulo VI, a aplicación orzamentaria 1539.619.00.00 “DUSI Gran Vía, OT4/OT6, LA: 6,9,10,11,13,14, 1ª anualidade” conun importe de 4.781.565,00€

3º.- Para levar a cabo as obras do proxecto de “*REHABILITACIÓN E TRANSFORMACIÓN DO CONTORNO URBANO DA GRAN VÍA ENTRE A RÚA LEPANTO E A RÚA NICARAGUA*” a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 15.06.2017, acordou adxudicar a contratación dos servizos de redacción do proxecto de execución de obra necesario para a súa execución, a prol de ICEACSA CONSULTORES, S.L.U.

4º- Ao expediente administrativo de contratación achégase o expediente núm. 3516/443 correspondente ao proxecto de obras, aprobado pola XGL en sesión do 21.12.2017 de cuxa execución se trata. No dito proxecto de obras figura, como integrante do mesmo, o prego de prescricións técnicas particulares da execución da obra.

No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- a) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión do 21.12.2017 correspondese co expediente administrativo 3516/443, que inclúe o Prego de Prescricións Técnicas, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Roberto Núñez de Arenas Basteiro.
- b) Informe de Xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado polo Enxeñeiro Municipal de Camiños Canais e Portos , e o Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento de data 21.12.2017.
- c) Acta de replanteo asinada polo Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos con data 21.12.2017.
- d) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento, Contratación e Limpeza de data 22.12.2017.
- e) Informe da Xefa do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública de data 16.01.2018.
- f) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 05.02.2018
- g) Informe xurídico favorable da Asesoría Xurídica de data 06.02.2018

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 109.1 TRLCS), que nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 3 TRLCSP) e, por delegación deste (acordo da Xunta de Goberno Local de 15 de xullo de 2013), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que o acompaña, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polo artigo 121 TRLCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, reitores do contrato, esixidos polo artigo 109 do mesmo texto.



Concello de Vigo

Terceiro.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor a xustificación dos requisitos esixidos pola D.A. 6ª da LO 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e disposición adicional 16ª do TRLRFL.

Cuarto.- No expediente xustifícase o procedemento elexido para a contratación — regulación harmonizada por razón da súa contía, polo que deberá publicarse no Diario Oficial da Unión Europea (Artigo 109.4 TRLCSP)—, así como os criterios que se terán en conta para a adxudicación do contrato; criterios que se refiren ás características do obxecto do contrato e nos que se dá preponderancia a aqueles que poden valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través de fórmulas matemáticas establecidas no PCAP reitor do contrato

Quinto.- A Asesoría Xurídica emitiu o informe esixido pola D.A. Segunda, apartado 7 TRLCSP en sentido favorable, sen prexuízo da fiscalización que do mesmo corresponda facer a Intervención Xeral.

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (D.A. Segunda, apartado 3 TRLCSP), unha vez se incorpore ao mesmo o documento contable acreditativo da existencia de crédito adecuado e suficiente para financiamento das obras e o informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 109.3 do TRLCSP.

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente o documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de *“REHABILITACIÓN E TRANSFORMACIÓN DO CONTORNO URBANO DA GRAN VÍA ENTRE A RÚA LEPANTO E A RÚA NICARAGUA”*, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Roberto Núñez de Arenas Basteiro, de outubro de 2017.

Segundo: Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 05.02.2018.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de OITO MILLÓNS NOVECENTOS NOVENTA E OITO MIL NOVENTA E OITO EUROS CON SETENTA E OITO CÉNTIMOS (8.998.098,78 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 1.561.653,51 euros €.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, para o ano 2018 da partida orzamentaria 1539.619.00.00 *“DUSI GRAN VÍA, OT4/OT6, LA:6,9,10,11,13.14”*.

Ao ter o financiamento carácter plurianual, o mesmo terá a seguinte distribución por anualidades:

2018: 4.781.565,00€

2019: 4.216.533,78€

Cuarto: Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás dispoñibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 88,18%.

Quinto: Abrir o procedemento de licitación para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
M^a Isaura Abelairas Rodríguez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez